



A Pobra do Caramiñal

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, José Manuel Castro García, Balbina Lojo Oliveira, Jesús Dieste Buceta y María del Carmen Boo Cameán concelleir@s do Partido Popular da Pobra do Caramiñal;

### EXPOÑEN:

- Que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réximen Local establece que "... Asemesmo, o Pleno celebrará sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, al menos, do número legal dos membros da corporación ".
- Que o citado artigo 46.2 da LBRL determina que ningún concelleiro poderá solicitar a celebración de máis de tres sesións extraordinarias cada ano.
- Que os solicitantes da convocatoria de este Pleno extraordinario cumpren todos os requisitos establecidos na normativa legal.

Por todo elo

### SOLICITAN

A convocatoria dun Pleno Extraordinario nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos. Incluindo na Orde do Día de dita sesión extraordinaria a seguinte MOCIÓN relativa ós feitos ocorridos debido á retirada do sinal colocado por membros do BNG sinalizando a rúa co nome de Anxo Rei Ballesteros .

O pasado día 19 de Novembro membros do BNG realizaron un acto de homenaxe a D. Anxo Rei Ballesteros, instalando unha placa co seu nome na

A Pobra do Caramiñal  
rúa que transcorre dende a rotonda do peirao ata o mercado municipal, tal e como se acordara anteriormente en Pleno.

2  
Esa noite o sinal foi retirado da súa localización, e como manifestaron os medios de comunicación, esta apareceu ó día seguinte no chan. Sendo retirada polo voceiro do BNG.

Ó venres seguinte, La Voz de Galicia , publicou un artigo onde se relataban os feitos acontecidos esa noite, nos que unha persoa cuberta cun abrigo negro e encapuchada, arrincou o sinal colocado polo BNG, cruzando o aparcadoiro do Castelo arroxándoa á dársena portuaria. Ditos feitos foron observados, entre outros, por un membro das forzas e corpos de seguridade do Estado, máis concretamente da Garda Civil, o cal ante a sorprendente actuación de dita persoa acercouse á mesma, requirindo que parase, o que conseguiu despois de varios intentos. Ó xirarse dita persoa, o Garda Civil sorprendeuse ó observar que se trataba dunha señora de mediana idade, convidándoa a que se identificara, ó cal en principio ela se negou, polo que chamou á Policía Local solicitando o seu apoio para a identificación da mesma. Cando acudiu ao lugar o membro da Policía Local, a señora ante a advertencia de que si non se identificaba podía ser arrestada xa lle entregara previamente o seu DNI o garda Civil o cal compartiu os feitos e a identificación da persoa co Policía Local recoñecendo este a persoa como Genoveva Hermo, concelleira de Nos Pobra na corporación local de este concello e membro de equipo de goberno. O Garda Civil cominou a concelleira a recoller o obxecto que había arroxado o mar e volver a depositalo onde se encontraba, sendo testemuña dos feitos o Policía Local presente.

En dito artigo a concelleira Dña. Genoveva Hermo nega ser a autora dos feitos acontecidos.

A Pobra do Caramiñal

Cando o Partido Popular pide explicacións dos citados feitos non obtén resposta, si ben nas redes sociais os concelleiros compañeiros do equipo de goberno recoñecen os feitos tratando de xustificar o inxustificable.

3

Unha vez coñecida pola prensa a presenza dun membro da policía local nos feitos, o Partido Popular presentou un escrito nas dependencias da Policía Local pedindo copia do informe, anotación, atestado ou dilixencia realizada polo este membro da policía local que acudiu ó requirimento do Garda Civil. A resposta do Xefe da policía local é que non consta ningua anotación, informe, atestado ou dilixencia por parte do membro da policía Local que acudiu a o recheo do castelo a requirimento do membro da Garda Civil.

Si os feitos realizados pola concelleira Genoveva Hermo xa son de por sí graves, máis é a inexistencia de algunha anotación, informe, atestado ou dilixencia por parte do membro da Policía Local que acudiu requirido pola garda civil.

Inquirido o Alcalde ante a inexistencia de algunha referencia ao acontecido nas dependencias da Policía Local, por parte do portavoz do BNG no pasado Pleno ordinario do mes de Novembro, este asumiu que era coñecedor dos feitos ás seguintes horas de producirse. Xustificou a ausencia de anotación ou dilixencia no rexistro da Policía Local no feito de que o membro da Policía Local, non o considerou importante.

Como se pode xustificar a ausencia de anotación ou dilixencias sobre os graves feitos acontecidos?.

Como non se rexistra o requirimento de axuda por parte das forzas e corpos de seguridade do estado?

A Pobra do Caramiñal

Quen pode entender que o Xefe da Policía, coñecedor dos feitos, non supervisara as anotacións feitas no parte diario do axente e que ante a ausencia dos mesmos no lle requirira facelo?.


4

Por todo isto, o Partido Popular insta ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1. Reprobar a forma de actuar da concelleira de Cultura, Medio Ambiente, Deportes e Educación. Dña, Genoveva Hermo polos feitos protagonizados por ela o pasado día 19 de Novembro. Recriminarlle a falta de explicación dos mesmos e que recoñeza os feitos e asuma a súa responsabilidade como cargo público.
2. Que se abra un expediente informativo ao axente da Policía Local pola “non inclusión” no parte diario dos acontecementos ocorridos, así como pola ausencia pola súa parte de ningunha dilixencia, atestado , denuncia e informe ao respecto. Por todo isto entendemos que alguén que arroxa un obxeto inadecuado á dársena portuaria debería ter aberto algún tipo de expediente pola súa actuación incívica totalmente contraria ó coidado do Medio Ambiente.
3. Abrir un expediente informativo ao Xefe da Policía Local en funcións, pola súa evidente falta de dilixencia, xa que sendo coñecedor dos feitos , non fixo nada.
4. Reprobar ó Alcalde por xustificar unhas actuacións impropias e inadecuadas por parte da súa compañeira de equipo de goberno, así como responsable da Policía Local por no ter actuado ante a evidente ausencia de anotacións e apertura de expediente polos feitos acontecidos.

A Pobra do Caramiñal

  
Manuel Mª. Durán Guillán

  
José M. Castro

  
Balbiña Lojo Olveira

  
Jesús Dieste Buceta



María Boo Camean

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL**